

## **RESOLUCIÓN DE ARCHIVO Expte. RA 38/2011: Roupas Infantil en Ourense**

### **2.**

#### **Pleno**

Sres.:

D. Francisco Hernández Rodríguez, presidente

D. Fernando Varela Carid, vogal

D. Alfonso Vez Pazos, vogal

En Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2011

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (en adiante TGDC ou Tribunal), coa composición indicada mais arriba, e sendo relator o seu presidente D. Francisco Hernández Rodríguez, ditou a seguinte Resolución no Expediente RA 38/2011: Roupas Infantil en Ourense 2.” (Expediente 7/2010, do Servizo Galego de Defensa da Competencia, en adiante SGDC ou Servizo), tras examinar a proposta de arquivo efectuada polo SGDC, segundo escrito do 14 de xaneiro de 2011, ao considerar que a denuncia reproduce os feitos examinados e resoltos na Resolución do TGDC do 13 de outubro de 2010, no Expediente RA 35/2010: Roupas Infantil en Ourense, e non apreciar nestes feitos indicio ningún de infracción da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (en adiante Lei 15/2007 ou LDC).

## ANTECEDENTES DE FEITO

1.- O 3 de xaneiro de 2011, tivo entrada no SGDC un novo escrito de denuncia formulada por XXX, representante da entidade Alopezpita, S.L.U., con domicilio en Ourense, dirixida contra BUMA Galicia S.L., e ISA FOIRA, S.L., por presuntas prácticas contrarias á competencia.

2.- No seu escrito a denunciante reitera os mesmos argumentos que formulara na súa denuncia de data 10 de xuño de 2010, engadindo unha posible infracción da nova Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

3.- O SGDC, no expediente resolto polo TGDC por Resolución do 13 de outubro de 2010, levava a cabo unha información reservada, relativa ás dúas empresas denunciadas, que lle permitira concluír coa proposta de non incoación do procedemento sancionador e co arquivo de actuacións ao non apreciar indicios de infracción da Lei 15/2007, do 3 de xullo, proposta que fora confirmada polo TGDC na citada Resolución, non aprecia feitos novos susceptibles de infrinxir a lexislación de competencia, polo que, con data 14 de xaneiro de 2011, traslada a citada denuncia ao TGDC, ao abeiro do artigo 49.3 da LDC, coa proposta de que se proceda ao seu arquivo.

4.- Na súa reunión do 27 de xaneiro de 2011, o Pleno do Tribunal admitiu a citada proposta e designou relator, segundo as quendas en vigor, a D. Francisco Hernández Rodríguez, presidente do TGDC.

5.- Na mesma reunión do Pleno do TGDC de data 27 de xaneiro de 2011, o Pleno examinou a denuncia e a proposta do SGDC e acordou por unanimidade pronunciarse sobre este asunto.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** Conforme co réxime establecido na Lei de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia (Lei 1/2002, do 21 de febreiro) e a súa Lei de creación (Lei 6/2004, do 12 de xullo), ao TGDC correspóndelle resolver os procedementos sancionadores que teñan por obxecto as condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

**SEGUNDO.-** O apartado 3 do artigo 49 da devandita Lei 15/2007 establece que o Tribunal, a proposta do Servizo, poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da LDC e ordenar o arquivo de actuacións cando considere que non hai indicios de infracción, sen que sexa preciso a tal obxecto que practique información reservada ningunha cando considere que a mesma non é precisa.

**TERCEIRO.-** No presente caso, o Pleno do TGDC non pode menos que coincidir co SGDC no sentido de que a denuncia examinada non achega nada novo desde o punto de vista da competencia respecto ao xa examinado e resolto polo TGDC na súa Resolución do 13 de outubro de 2010, na que confirmara a proposta presentada polo SGDC de non incoar expediente sancionador con arquivo de actuacións.

En consecuencia, o Pleno estima que procede ditar unha nova resolución no mesmo sentido, aceptando a proposta de arquivo da denuncia presentada, remitíndose ao exposto na citada Resolución do 13 de outubro de 2010, e destacando que os limitados recursos das Administracións Públicas non deben empregarse de xeito innecesario en denuncias sobre feitos xa resoltos, máxime cando as decisións do TGDC poden, en caso de discrepancia, ser recorridas ante os tribunais da xurisdicción ordinaria.

A nova denuncia estaría xustificada no caso de aparecer novos feitos de suficiente transcendencia como para modificar o sentido da resolución inicial.

Neste caso a única novidade á que se alude en relación coa denuncia anterior é a aprobación da Lei do comercio interior de Galicia. Non obstante, a entrada en vigor desta norma en nada afecta ao sentido da resolución anterior do TGDC por dúas razóns. A primeira é que a citada norma non resulta de aplicación a feitos producidos con anterioridade á entrada en vigor da mesma. A segunda é que o TGDC é competente para resolver os procedementos sancionadores que teñan por obxecto condutas prohibidas pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, incluídos os actos de competencia desleal que por falsearen a libre competencia afecten ao interese público. Sen embargo, non é función deste organismo enxuizar posibles incumprimentos da normativa autonómica galega en materia de comercio interior.

En mérito a canto antecede, vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, este Tribunal

## **RESOLVE**

**ÚNICO.-** Confirmar a proposta do SGDC de proceder ao arquivo da denuncia de XXX en representación de Alopezpita S.L.U. contra BUMA Galicia S.L. e ISA FOIRA, S.L., ao non se apreciar indicios de incumprimento das normas que regulan a competencia no mercado.

Comuníquese esta resolución ao SGDC e notifíquese aos interesados, facendo constar que contra ela non cabe recurso ningún en vía administrativa, podéndose interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a súa notificación.